

PROCEDEMENTO:	Texto definitivo das bases do concurso de escaparates de Nadal do Concello de Santiago de Compostela 2022
---------------	---

## BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2022"

PRIMEIRA.- OBXECTO: Estas bases teñen por obxecto apoiar ós establecementos comerciais do municipio de Santiago para que adornen o seus establecementos cun tema en común, co obxectivo de crear un foco de atracción da clientela e aumentar o consumo no comercio local nas vendas desta época tan importante para o sector.

### SEGUNDA.- PARTICIPANTES/ BENEFICIARIOS

Para participar no concurso é obrigatorio ser maior de idade e titular ou cotitular dun establecemento comercial situado no Concello de Santiago.

Os/as participantes deberán cumprir as seguintes condicións:

- Estar ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Santiago, Axencia tributaria do Estado, Axencia tributaria de Galicia e Seguridade Social.
- Non incorrer nalgunha das circunstancias que se determinan no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións incapacitantes para obter a condición de beneficiario.
- Atoparse ao corrente de pago das obrigacións por reintegro de calquera subvención ou premio concedido con anterioridade por este Concello.

Non poderán participar no concurso as persoas que formen parte do xurado e que sexan titulares ou cotitulares dun establecemento comercial, así como calquera outra persoa que teña un parentesco en primeiro ou segundo grao con algún membro do xurado.

### TERCEIRA.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Os motivos e decoración dos escaparates terán como tema as Festas de Nadal. So poderá presentarse ao concurso un único proxecto por establecemento.

Os escaparates deberán estar expostos, como mínimo, entre os días 22 de decembro de 2022 e o 6 de xaneiro de 2023.

### CUARTA.- INSCRICIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP e rematará o día 19 de decembro de 2022.

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra do prazo indicado no parágrafo anterior.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado CS006COM2 cuberto en todos os seus campos, e asinado electrónicamente. Se a presentación se realiza a través da sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal) deberá escoller o trámite "Solicitud de subvención" do catálogo de trámites dispoñible.

Todos os concursantes terán que enviar dúas fotos do escaparate ao mail comercio@santiagodecompostela.gal, antes do 25 de decembro de 2022.

#### QUINTA.-PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Réxime de Concorrenca competitiva

a.- Órgano competente para a instrución do procedemento: Será o departamento de comercio b.- Órgano competente para resolver o procedemento: a Xunta de Goberno Local do concello de Santiago.

O procedemento de concesión dos premios resolverase nos 3 meses a contar desde a finalización do termo de presentación de solicitudes e a falta de resolución, dentro deste prazo, terá carácter de desestimación.

#### SEXTA.- OBRIGAS E RESPONSABILIDADES

Os escaparates deberán estar expostos, como mínimo, entre os días 22 de decembro de 2022 e o 6 de xaneiro de 2023.

O solicitante deberá responsabilizarse do cumprimento das normas establecidas en canto á seguridade e medidas específicas sanitarias. En todo caso, o Concello de Santiago queda exonerado das responsabilidades derivadas dos danos materiais, físicos ou de calquera outra natureza que se poidan producir a terceiros con motivo dos traballos de instalación, montaxe e desmonte.

A inscrición no concurso implica a autorización a tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais as cales poden ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais.

A participación no concurso supón a aceptación total destas bases. O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descalificación no Concurso.

A participación no Concurso de Escaparates do Concello de Santiago de Compostela Nadal 2022" implica a aceptación destas bases.

A interpretación das bases correspóndelle ao departamento de comercio.

#### SÉTIMA.- TRAMITACIÓN ANTICIPADA

Esta convocatoria acóllese ao procedemento de tramitación anticipada, de acordo co artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo), polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

O importe estimado destinado aos premios previstos nesta convocatoria será de 6.950 euros.

A concesión e pagamento queda supeditada a existencia de crédito adecuada e suficiente no exercicio 2023.

#### OITAVA.-DESENVOLVEMENTO DOS PREMIOS.

Os escaparates deberán estar expostos, como mínimo, entre os días 22 de decembro de 2022 e o 6 de xaneiro de 2023. Aqueles escaparates que non se atopen montados no momento da visita dalgunha das persoas que forman parte do xurado quedarán excluídos do concurso.

Todos os concursantes terán que enviar dúas fotos do escaparate ao mail [comercio@santiagodecompostela.gal](mailto:comercio@santiagodecompostela.gal), antes do 25 de decembro de 2022.

#### NOVENA- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado, presidido polo Alcalde, estará composto por 5 membros vogais. Todos eles con voz e voto.

- Tres representantes do tecido asociativo comercial do municipio
- Un/unha representante da Unión de Consumidores de Galicia
- Un/unha experto en interiorismo ou decoración

O persoal pertencente ao departamento de comercio actuará como secretario.

#### DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado valorará os escaparates participantes pola súa capacidade de atracción e xeración do desexo de compra, en base aos criterios de composición e deseño, tendo en conta, ademais, a orixinalidade e a elaboración propia. Do mesmo xeito, valorarase a utilización de elementos propios do obxecto de venda da actividade e materiais de refugallo.

Deste xeito os escaparates serán valorados:

- 1- Desexo ou atracción de compra
- 2- orixinalidade e composición
- 3- Emprego dos propios produtos do comercio ou tenda
- 4- Fomento de sustentabilidade ( emprego dos produtos reciclados , etc .. )

Os escaparates serán valorados por cada un dos membros do xurado cunha puntuación máxima de 20 puntos.

#### DECIMO PRIMEIRA.- FALLO DO XURADO

O fallo do xurado será inapelable e darase a coñecer durante o mes de xaneiro de 2023.

Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que o xurado considere que os participantes non alcancen un mínimo de calidade ou de que a cantidade de participantes sexa insuficiente para o desenvolvemento do concurso.

#### DECIMO SEGUNDA.- PREMIOS

O Concurso de Escaparates está dotado cos seguintes premios económicos aos titulares ou cotitulares inscritos:

- Primeiro/a clasificado/a: 2.000 €
- Segundo/a clasificado/a: 1.500 €
- Terceiro/a clasificado/a: 1.200 €
- Cuarto/a clasificado/a: 1.000 €
- Quinto/a clasificado/a: 750 €
- Sexto/a clasificado/a: 500€

Total: 6.950,00 euros

Os premios estarán suxeitos á retención fiscal que corresponda de conformidade coa lexislación vixente.

Un mesmo establecemento non poderá obter máis dun premio.

#### DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na páxina web municipal do departamento de comercio, [comercio.santiagodecompostela.gal](http://comercio.santiagodecompostela.gal).

Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse na páxina web municipal do departamento de comercio, [comercio.santiagodecompostela.gal](http://comercio.santiagodecompostela.gal).

A resolución do procedemento publicarase no taboleiro electrónico do concello de Santiago.

#### DÉCIMO CUARTA.- Aceptación das bases e autorización en canto á protección de datos

A presentación de candidatura ao premio, implica a aceptación total destas bases.

Os/as participantes na convocatoria, ao presentaren directamente a súa candidatura ou ao aceptaren a presentación por parte de terceiros/as, autorizan expresamente ao Concello de Santiago de Compostela ao uso da imaxe e dos datos achegados para os efectos de publicidade deste premio.

De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos

persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Santiago cuxa finalidade é a xestión do presente premio.

Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Santiago de Compostela.

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistros públicos de subvencións, nos seguintes termos:

- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvenciones e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
- Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### DÉCIMO QUINTA.-Pagamento e Reintegro dos Premios Pago

Os premios serán obxecto de retención fiscal de acordo co estipulado na lexislación vixente. O pago realizarase, no prazo e forma previstos, mediante transferencia bancaria á conta que indicase o premiado unha vez que o xurado resolva a concesión.

Reintegro: Os premios serán reintegrados nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### DÉCIMO SEXTA.- Confidencialidade

Toda a documentación achegada polos participantes neste concurso será considerada confidencial polo persoal do concello e polos membros do Xurado que teñan acceso a aquelas durante o proceso de recepción, avaliación e selección de propostas.

#### DÉCIMO SÉTIMA.- Órgano de control

Os beneficiarios/as dos premios concedidos polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Cuentas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

## DISPOSICIÓN FINAIS

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

O formulario CS006COM2 estará dispoñible a partir do día seguinte da publicación destas bases no BOP na sede electrónica do Concello e mais na páxina web do departamento de comercio, [comercio.santiagodecompostela.gal](http://comercio.santiagodecompostela.gal).